

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**ADOS E GADISA CONVOCAN A SEXTA EDICIÓN DO CONCURSO DE DEBUXO E LEMAS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES**

- ***A empresa galega colabora, un ano máis, no desenvolvemento deste certame que achega este xesto solidario ao alumnado de 1º e 2º cursos de educación secundaria obrigatoria***

**Santiago, venres 15 de marzo de 2019.-** A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e GADISA convocan o VI Concurso de Debuxo e Lemas para escolares relacionado coa doazón e os transplantes e no que poden tomar parte os estudantes de 1º e 2º cursos de Educación Secundaria Obrigatoria de todos os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

As bases da convocatoria deste certame, promovido desde a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e co patrocinio de GADISA, que ten como obxectivo promover a sensibilización social dos máis novos e novas en torno ao solidario xesto da doazón e a importancia dos transplantes, poden descargarse no seguinte enlace da páxina web de ADOS:

<https://ados.sergas.gal/Paxinas/web.aspx?tipo=paxtxt&idLista=3&idContido=499&migtab=499&idTax=9407>

**Participantes**

Nesta sexta edición do Concurso de Debuxo e Lemas para escolares promovido por ADOS co apoio de GADISA, os participantes deben abordar a temática da doazón e os transplantes de órganos e tecidos nos seus traballos. O formato debe ser horizontal ou vertical coas medidas de Din A-3, podendo participar traballos presentados en calquera técnica plástica. Ademais, todos os traballos deberán incluír unha frase ou lema en galego normativo relacionado co fomento da doazón de órganos e cada participante poderá presentar só un traballo.

O prazo de presentación das obras, que deben remitirse á Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS nos edificios administrativos da Consellería de Sanidade en San Lazaro, conclúe o vindeiro 30 de abril.

ADOS quere amosar o seu recoñecemento a GADISA polo seu apoio a esta iniciativa que tenta fomentar unha conciencia social proclive á doazón e os transplantes de órganos entre os máis novos e novas. Ademais, tanto a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue coma GADISA queren animar a todos os escolares a que tomen parte nesta iniciativa, xa que promove unha actitude solidaria e permítelles achegarse a unha parte fundamental do noso sistema sanitario.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE